

EDITORIAL

A sentida dor que nos produce dar noticia neste editorial do falecemento, a unha idade aínda temperá, do profesor da Universidade de Granada Jesús Rubio Lapaz, xeneroso colaborador da nosa revista e membro destacado do seu Comité de Redacción, a quen quero lembrar con estas palabras, transfórmase en satisfacción ao sacar á luz un novo número de QUINTANA, que pon de manifesto a súa boa saúde científica e a súa gran aceptación. Serven de proba as moitas firmas de importantes investigadores que colaboraron na súa realización continuada, o seu propio deseño organizativo e, obviamente, os seus relevantes contidos que, non por casualidade, tiveron un amplo recoñecemento oficial ao estar indexada en máis de vinte bases de datos internacionais.

Esta vez, con todo, o número 14 dedica o seu Tema monográfico a analizar “As cores do medo. Arte, guerra e terror”, desde ángulos moi diferentes e por autores que nos achegan lecturas e interpretacións de gran calado dentro das súas respectivas especialidades. Destacan, de feito, nesta sección os traballos dos profesores Marco Rosario Nobile, Marino Viganó, Alfredo Vigo Trasancos, Juan Miguel Muñoz Corbalán, Consuelo Carredano e Quim Casas, interesados en ver, por exemplo, como se representou a imaxe dos turcos na arte siciliana do Cincocentos nese momento tan especial que coincidiu coa contorna histórica da batalla de Lepanto; como na época de paz do reinado de Felipe III os territorios da monarquía hispánica vinculados a Milán non esqueceron prepararse para a guerra reformando ou construíndo moi notables fortificacións; como os planos serviron tamén para achegar información privilexiada e secreta sobre determinados portos galegos no contexto preciso da guerra que tivo lugar entre 1621 e 1639 ou, por poñer un exemplo máis, en analizar os argumentos técnicos e estéticos que se advirten na cartografía militar feita polos enxeñeiros militares no século XVIII, sempre no seu interese por achegar múltiples informacións. Non falta, ao mesmo tempo, a visión da nova realidade que viviron tres músicos españois no seu exilio mexicano motivado polo medo á represión que vivirían de quedar na España pasada a guerra civil. Finalmente, merece tamén destacarse o último traballo que pecha este apartado, onde se achega unha reflexión moi persoal do cinema bélico que coñeceu diferentes conxunturas de realización e aceptación, reflexións contrastadas nos seus contidos e distintas formulacións visuais ao longo da súa xa dilatada traxectoria.

Xa no apartado de Colaboracións, sempre aberto na súa formulación e resultados, son de destacar os traballos dun amplo elenco de autores; de Susana Cendán Caaveiro, Juan David Díaz López, Carla Fernández Martínez, Pedro de Llano Neira, Emma López Bahut, Amparo Casares Gallego e, así mesmo, de Juan Ignacio Prieto López, Antonio Río Vázquez, Inmaculada Rodríguez Moya, Santos Zunzunegui e Imanol Zumalde. Todos eles abordan unha realidade artística distinta, por iso que uns analicen as auto caricaturas de Castelao, a orixe do hotel e o caso galego, a cidade burguesa de Pontevedra, o papel exercido pola galería Claire Copley nos intercambios artísticos entre Norteamérica e Europa no tempo da arte conceptual, as conferencias de G. C. Argán en Madrid vistas desde a perspectiva de Jorge Oteiza, e outros, en cambio, aspectos da obra fotográfica de Moholy-Nagy, a recuperación da modernidade na arquitectura galega a partir de 1948 ao calor dos Anos Santos Composteláns, o luxo téxtil na corte novohispana ou, por último, o concepto de verdade que poida transmitirse a través da imaxe.

Escritos sobre rescata esta vez un traballo do medievalista John Williams titulado “¿España o Toulouse? Observaciones medio siglo después sobre la cronología de Santiago de Compostela”, que aquí aparece comentado cunha importante introdución de José Luís Senra Gabriel y Galán, bo coñecedor da obra do insigne hispanista norteamericano.

Feitos e tendencias da conta das xornadas dedicadas ás creadoras galegas no marco titulado As cifras da desigualdade: arte+mulleres, que é comentado por Miguel Anxo Rodríguez González.

Finalmente o apartado de Reseñas aborda a análise de bo número de publicacións saídas á luz no último ano, sempre realizadas co máximo rigor por todos os que son os nosos colaboradores.

Por tanto, despois de dar conta dos contidos que forman parte do presente número, só quedan por expresar os necesarios agradecementos. Por suposto a todos os autores e colaboradores que participaron así como aos membros do Comité Científico e de Redacción polos seus constantes apoios. Aos secretarios Jesús A. Sánchez García e Julio Vázquez Castro polo traballo asumido e a súa eficacia proverbial; a Juan Luis Blanco Valdés e José Enrique Quintáns Míguez, do Servizo de Publicacións, pola súa cobertura editorial e o esforzo que realizan por

difundir en medios e plataformas a visibilidade da revista; a Xosé Cobas e todo o persoal da Imprenta da Deputación por facer ver a súa gran profesionalidade no deseño e a impresión de QUINTANA, sempre caracterizada pola súa modernidade e pulcritude; obviamente, tamén o noso agradecemento máis sincero a Amparo Taboada, oficial maior da Deputación e á Comisión de Publicacións, polo seu decidido apoio. E está claro a Valentin González Formoso, presidente da Deputación da Coruña, que rubricando unha traxectoria que xa remonta ao ano 2002, como máximo responsable da Institución segue crendo e apoiando a nosa revista. A todos, pois, o noso máis sentido agradecemento.

*Alfredo Vigo Trasancos
Director da revista QUINTANA*